O 27 de xullo de 2021 tivo entrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA) escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión de informe en relación co anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. O devandito escrito viña acompañado da memoria xustificativa e da memoria económica.

Atendendo á solicitude formulada, tendo en conta o disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), e en base ás competencias que lle confire o artigo 22 do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro), a DXARA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto do anteproxecto de lei que se informa o establecemento dun marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga na comunidade autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- O anteproxecto de lei cuxo texto se somete a informe consta de 68 artigos, divididos en tres títulos, seis disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións derradeiras. Así mesmo, o texto contén dous anexos.

Esta norma vén xustificada pola necesidade de levar a cabo unha profunda reflexión sobre o actual marco regulatorio da xestión de infraestruturas e servizos que forman parte do ciclo integral da auga para procurar unha xestión máis eficiente destas, optimizar os recursos das distintas administracións e lograr elevados niveis de calidade de servizo para todos os cidadáns.

A auga é un ben esencial e escaso tanto para os cidadáns como para a actividade económica de calquera sector e faise necesario, garantir unha subministración e un tratamento de auga seguro, previsible e sobre todo de calidade. Para iso, requírese non só un conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga, senón que é imprescindible a súa correcta explotación e mantemento.

TERCEIRO.- No título I incorpóranse unha serie de disposicións xerais da xestión do ciclo integral da auga, definíndose o obxecto e ámbito de aplicación da lei, as finalidades previstas e os principios de actuación.

O título II recolle as medidas para a mellora do ciclo integral da auga e da prestación dos servizos.

O título III adícase a regular o sistema de financiamento da xestión do cilco integral da auga por Augas de Galicia.

O texto finaliza cunha serie de disposicións, entre elas unha derradeira na que se contempla a modificación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

CVE: N0L1toeBy6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO.- O artigo 42.7 da LOFAXGA, incardinado no Capítulo II, referido ao procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, establece:

> *"7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público."*

QUINTO.- No anteproxecto de lei que se somete a informe faise referencia no seu artigo 59 a un procedemento administrativo, sinalándose que posteriormente se levará a cabo a súa regulación regulamentaria. Debe indicarse que esta posterior disposición regulamentaria deberá someterse durante a súa tramitación ao informe favorable desta dirección xeral.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Santiago de Compostela

O director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

P.D. A auditora de Xestión do Desempeño e Calidade

Enriqueta Vía Leira

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Asinado por: VIA LEIRA, ENRIQUETA
Cargo: Auditora Xestion do Rendemento e Calidade
Data e hora: 19/08/2021 09:37:56

CVE: N0L1toeBy6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve